



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN e O. U.
C.P.I. "MANUEL SUÁREZ MARQUIER"



RADIO NA BIBLIO

Curso 2021-22

XUSTIFICACIÓN

A VOZ DA MATA. A INCLUSIÓN COMO EIXO DA RADIO ESCOLAR

Para nós, o máis importante é a **inclusión**. Cremos que é a palabra que podería definir a nosa radio, xa que é a filosofía coa que naceu. A radio escolar é o instrumento perfecto para que o noso alumnado se poida expresar a través dos seus talentos, e é ben seguro que cada un ten os seus e que todos encaixan. Pode ser esa a tarefa máis complexa á que nos enfrentamos os docentes, guiar os nosos alumnos-as para que atopen o seu sitio. Ese labor é ben bonito, porque é realmente o que buscamos como obxectivo máximo da educación, que cadaquén aproveite os seus talentos e sexa feliz.

Nós concibimos a radio escolar tendo en conta as intelixencias múltiples. Aproveitamos este recurso para poder sacar do alumnado todo o que leva dentro e que, ás veces, debido ás dinámicas das nosas aulas, é difícil saber todo o potencial que ten.

A radio escolar como unha medida de atención á diversidade, foi unha das posibilidades que máis nos interesou. No noso centro contamos con moito alumnado con necesidades de apoio educativo. A radio é unha axuda enorme para o Departamento de Orientación non só porque, dende o punto de vista da Pedagogía Terapéutica ou da Audición e Linguaxe, é un instrumento directo de traballo co que mellorar competencias do noso alumnado con dificultades (dislexia, dislalias, proceso lecto-escritor, comprensión lectora...) senón porque axuda notablemente en problemas sociais e afectivos derivados das características individuais dos alumnos-as (problemas de relación, autoestima baixa, sobredotacións intelectuais que non encaixan...)

Por todo isto, o noso relatorio consistirá en falar das experiencias coas que levamos a cabo actividades que favorecen a atención á diversidade e a inclusión.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN e O. U.
C.P.I. "MANUEL SUÁREZ MARQUIER"



RADIO NA BIBLIO

Curso 2021-22

A VOZ DA MATA. UNHA PLATAFORMA DE INCLUSIÓN

1.- Como cremos que debe de ser unha Radio Escolar dende un punto de vista inclusivo?

FUNDAMENTOS PEDAGÓXICOS E DIDÁCTICOS

OBXECTIVOS DUNHA RADIO ESCOLAR

CONTEXTO DO CENTRO E NECESIDADES

2.- Como naceu a nosa Radio?

2.1.- O espazo da Radio.

PRESENTACIÓN DA NOSA RADIO

A IMPORTANCIA DO ESPAZO NO CENTRO

SITUACIÓN E ACCESIBILIDADE

2.2.- A identidade da Radio.

2.3.- A implicación do profesorado e do alumnado. Papel da Comunidade Educativa.

UNHA RADIO DE CENTRO/ BIBLIOTECA/ PROXECTO BIBLIOTECA

3.- Como nos organizamos?

3.1.- O Equipo da Radio versus Equipo da Biblioteca e outros Equipos do centro.

3.2.- Papel do Equipo Directivo e do Coordinador-a como dinamizadores.

3.3.- Planificación das actividades.

4.- A Formación. Profesorado e alumnado.

5.- Actividades da radio. Calquera escusa é boa!

7.- Dificultades que se atopan e como superalas.

MARÍA OCA MARTÍNEZ

MARÍA DOLORES SÁNCHEZ BLÁZQUEZ